

Na procura de Livingstone

As florestas do Mañuema

Autor: Xosé Manuel Martínez Oca.

Edita: Xerais. 1988. 206 pp.

A traxectoria literaria de Xosé Manuel Martínez Oca aválao como un dos máis sólidos valores narrativos das últimas décadas. Porén, logo dun inicio fulgurante nos anos oitenta que o fixo merecedor mesmo do Premio Blanco Amor (*Beiramar*, 1983), a súa escrita foi aos poucos morneando na súa recepción pública, que non perdendo na súa innegable calidade.



Por esas caprichosas e pouco explicables reviravoltas que a vida dos libros experimentan, no momento da súa publicación *As florestas do Mañuema* non gañou toda a atención que, a meu ver, precisaba. Van alá vinte e un anos e cómpre recoñecer que aquela obra axudou grandemente a alimentar o noso limitado espazo narrativo, pois aínda se andaba a tentar a escrita na nosa lingua das primeiras novelas de aventuras que recollen o herdo dos grandes mestres doutras latitudes (Melville, Stevenson, London, Salgari...).

Naquela novela de 1988, Martínez Oca propuña unha hipótese argumental altamente suxestiva: o rescate do doutor Livingstone por Stanley e o



Xosé Manuel Martínez Oca.

grupo do *New York Herald* foi, en realidade, distinto a como o contan os anais históricos, pois un grupo de verineses vencellados á *Gaceta Agraria* daquela vila saíron buscalo ao mesmo tempo e conseguiron atopalo antes que o periodista galés, aínda que logo non lograron facer oír a súa verdade e o mundo ficou convencido de que aquel "O doutor Livingstone, supoño" foi a primeira voz occidental que oíu o extraviado misionero e explorador escocés.

A novela de Martínez Oca

achegaba, amais, outros atractivos, pois cedía a voz narrativa a un taberneiro vigués que fora cociñeiro na expedición e que relata a súa grande aventura a un mociño que visita a súa tasca namentres anda a cumprir co servizo militar, un rapaz que logo sabemos que resulta ser nada menos que o escritor Manuel García Barros, conterráneo, por certo, do propio Martínez Oca.

Lonxe de se limitar a unha simple sucesión de exóticos e trepidantes episodios aventu-

reiros, *As florestas do Mañuema* ofrecen tamén un retrato sociolóxico da Galicia do seu tempo, pois o narrador e o narratorio van debullando o día a día da súa Terra cotexándoo co que os expedicionarios viviron aló en África, avanzando unha liña etnocomparatista que ensaiaría tamén con éxito moitos anos despois Onofre Sabaté –val dicir, Francisco Macías– no seu *Os papalagui* (2000).

A obra, por tanto, avanzaba poloñ territorios que contribuíran a ir abrindo para as nosas letras textos como *Nos pagos de Huinca Loo* (1982), de Xavier Alcalá, e que logo volverían visitar tamén con proveito nos noventa autores como Xosé Miranda (*Morning Star*, 1988), Xavier Queipo (*O paso do noroeste*, 1996), Marilar Aleixandre (*A expedición do Pacífico*, 1994) ou Manuel Forcadela (*A armada invencible*, 1996), entre outros.

As florestas do Mañuema, en tantos sentidos próxima a *En busca del unicornio* (1987) de Juan Eslava Galán, demostrou hai ben anos que en galego era posible narrar grandes aventuras ambientadas en territorios distantes e facelo, amais, sen esquecer a ironía e a visión saudosa do mundo e das xentes que nos definen. Do excelente pulso para o relato das mil e unha peripecias que os personaxes viven polo Tanganica, en Uxixi, na Angola, no Casembe, no Iambo ou polo Lualaba e da fina crítica que a historia destila sobre os sucesos da perda de Cuba e outros aconteceres daquela altura histórica dan fe as faiscantes páxinas desta orixinal novela, rebordante de acción, áxiles diálogos e tan evocadores coma lonxíncuos escenarios.●

Armando Requeixo